



EXPEDIENTE: 2651 / 440

TIPO EXPTE: CONTRATO MENOR DE OBRAS

SOLICITANTE: Fomento

### DECRETO

De acordo co sinalado na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, na redacción dada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, este Concello ostenta competencias propias en materia de "Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade" (artigo 25.2.d/).

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/1985 e Resolución de delegación da Alcaldía-Presidencia de 29 de xullo de 2014 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de xullo de 2014) e de conformidade coa prosposta do Xefe da Área de Fomento do 30 de outubro de 2014, conformada pola Concelleira delegada da Área de Economía e Facenda, **RESOLVO:**

1. Adxudicar o contrato menor relativo as "**obras de acondicionamento e mellora da rede de drenaxe na rúa Ferradura-Sampaio**" á mercantil CANALIS SOLUCIONES TECNOLÓGICAS, S.L.U., por un importe total de 41.125,43 euros, IVE incluído (Base imponible 33.987,96 €, tipo IVE 21%, importe IVE 7.137,47 €), por ser a oferta economicamente máis vantaxosa das proposicións admitidas.

As obras se executarán con estricte suxeición á memoria valorada aprobada por resolución do Concelleiro-delegado da Área de Fomento de data 26 de setembro de 2014 e a oferta presentada, sendo o prazo máximo de execución de DOUS MESES a contar dende o día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación de replanteo.

2. Autoriza-lo gasto, de acordo co disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo importe de **41.125,43 euros** (Base imponible 33.987,96 €, tipo IVE 21%, importe IVE 7.137,47 €) para a realización das obras de acondicionamento e mellora da rede de drenaxe na rúa Ferradura-Sampaio, a prol da empresa **CANALIS SOLUCIONES TECNOLÓGICAS, S.L.U. (B-94.057.536)**, con cargo á/s partida/s:

Func.	Económ.	Proxecto	Importe	Descrición
1550	2100000		41.125,43	CONSERVACION DE VIAS E ESPACIOS PUBL.

3. Nomear como dirección facultativa da obra ao Técnico municipal, D. Jorge Muñoz Rama.
4. En ningún suposto a execución desta resolución dará lugar ó fraccionamento do obxecto do contrato (art. 86.2 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público), entendéndose que os expedientes deben de abarcala totalidade do obxecto, comprendendo todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a execución do mesmo.
5. Publicar a presente resolución no Perfil do Contratante da páxina web municipal e dar traslado aos licitadores.
6. Contra esta resolución os licitadores poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante esta Concellería no prazo de un mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, contados ambos a partir do día seguinte ao da recepción da súa notificación.  
Non obstante, tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente conforme a dereito.
7. Conceder aos licitadores que non resultaron adxudicatarios o prazo de un mes dende que a presente resolución adquira firmeza para recoller a documentación aportada ao procedemento. Transcorrido este prazo sen que ditos licitadores retiren a documentación aportada, se entenderá que renuncian a ela, e que o Concello queda en liberdade de destruíla, sen necesidade de previo aviso ou comunicación algunha.

SGA/

Vigo, na data da sinatura electrónica  
O Concelleiro-delegado da Área de Fomento

David Regades Fernández



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 03/11/2014 08:21 Páxina 1 de 1

Expediente 2651/440

Código de verificación: 2BED3-55EB2-BC4AD-CB823

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

EXPEDIENTE: 2651 / 440	TIPO EXPTE: CONTRATO MENOR DE OBRAS
	SOLICITANTE: Fomento

## INFORME:

O 26 de setembro de 2014, o Concelleiro-delegado da Área de Fomento resolveu orde de servizo para a tramitación dun expediente de gasto menor para a contratación da obra de **acondicionamento e mellora da rede de drenaxe na rúa Ferradura-Sampaio**. Na mesma resolución acordou aprobar a memoria valorada redactada, en virtude do correspondente contrato menor de servizos, polo enxeñeiro industrial da enxeñaría Tecnigal, S.L., D. José Manuel Fouces Díaz, de agosto de 2014. Na memoria se describe o obxecto do contrato, cun orzamento base de licitación de 58.750,61 euros (IVE incluído) e un prazo de execución de dous meses.

Consta no expediente a acta de replanteo pertinente asinada polo enxeñeiro técnico municipal, D. Jorge Muñoz Rama, o 1 de outubro de 2014.

O 3 de outubro de 2014 infórmase pola Intervención Municipal a existencia de saldo de crédito dispoñible para atender o gasto.

O 7 de outubro de 2014 se publica no Perfil do Contratante da páxina web municipal o anuncio para a contratación de ditas obras a través do procedemento de contrato menor, no que se sinala como data límite para a presentación das ofertas o 15 de outubro de 2014.

Atendendo as Instrucións sobre a tramitación de contratos de obras menores na Área de Fomento, na sesión pública do 21 de outubro de 2014, a Comisión de Valoración das ofertas procede a apertura dos sobres que conteñen a documentación persoal e proposicións económicas presentados polos licitadores, resultando que a mellor oferta das admitidas é a presentada pola mercantil CANALIS SOLUCIONES TECNOLÓGICAS, S.L.U., por un importe de 41.125,43 euros IVE incluído (33.987,96 euros, IVE 21% 7.137,47 euros). Da sesión levantouse acta, que foi publicada no Perfil do Contratante da páxina web municipal o 23 de outubro de 2014.

Nesa mesma data se remite por correo electrónico a acta ó citado licitador, xunto co requirimento de que aporte xustificante de ter depositado na Tesourería Municipal garantía dun 5% do importe de adjudicación, excluído o IVE, en calquera das formas previstas no art. 96 do TRLCSP, nun prazo de 5 días hábiles contados a partir do da notificación -consta a recepción do correo polo licitador o 24/10/2014-.

Segundo mandamento de ingreso nº 201400074312 de data 29 de outubro de 2014 (dentro do prazo conferido), constituíu na Tesourería do Concello garantía definitiva por importe de 1.699,40 euros, para responder do cumprimento do contrato.

Á vista do exposto, faise a seguinte

## PROPOSTA

1. Adjudicar o contrato menor relativo as "obras de acondicionamento e mellora da rede de drenaxe na rúa Ferradura-Sampaio" á mercantil CANALIS SOLUCIONES TECNOLÓGICAS, S.L.U., por un importe total de 41.125,43 euros, IVE incluído (Base impositible 33.987,96 €, tipo IVE 21%, importe IVE 7.137,47 €), por ser a oferta economicamente máis vantaxosa das proposicións admitidas.

As obras se executarán con estricte suxeición á memoria valorada aprobada por resolución do Concelleiro-delegado da Área de Fomento de data 26 de setembro de 2014 e a oferta presentada, sendo o prazo máximo de execución de DOUS MESES a contar dende o día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación de replanteo.

2. Autoriza-lo gasto, de acordo co disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, polo importe de **41.125,43 euros** (Base impositible 33.987,96 €, tipo IVE 21%, importe IVE 7.137,47 €) para a realización das obras de acondicionamento e mellora da rede de drenaxe na rúa Ferradura-Sampaio, a prol da empresa **CANALIS SOLUCIONES TECNOLÓGICAS, S.L.U. (B-94.057.536)**, con cargo á/s partida/s:

Func.	Económ.	Proxecto	Importe	Descrición
1550	210000		41.125,43	CONSERVACION DE VIAS E ESPACIOS PUBL.



3. Nomear como dirección facultativa da obra ao Técnico municipal, D. Jorge Muñoz Rama.
4. En ningún suposto a execución desta resolución dará lugar ó fraccionamento do obxecto do contrato (art. 86.2 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público), entendéndose que os expedientes deben de abarcala totalidade do obxecto, comprendendo todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a execución do mesmo.
5. Publicar a presente resolución no Perfil do Contratante da páxina web municipal e dar traslado aos licitadores.
6. Contra esta resolución os licitadores poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante esta Concellería no prazo de un mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, contados ambos a partir do día seguinte ao da recepción da súa notificación.

Non obstante, tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente conforme a dereito.

7. Conceder aos licitadores que non resultaron adxudicatarios o prazo de un mes dende que a presente resolución adquira firmeza para recoller a documentación aportada ao procedemento. Transcorrido este prazo sen que ditos licitadores retiren a documentación aportada, se entenderá que renuncian a ela, e que o Concello queda en liberdade de destruíla, sen necesidade de previo aviso ou comunicación algunha.

SGA/

Vigo, na data da sinatura electrónica

O Xefe da Área de Fomento

Álvaro Crespo Casal

Conforme,  
o/a Concelleiro/a Delegado/a de  
Economía e Facenda  
(Resoluc. 29/07/2014)

M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego

